

A NOSA TERRA



Año XXXIII — Núm. 480

Registro Nacional de la
Propiedad Intelectual 348 396

CORR
ARGE
Cent. B

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión 2727

BOS AIRES, XULLO DE 1951

O Día de Galiza Norteamérica i Hespaña

Data memorabel para a nosa Terra é o 25 de Xullo. Fai máis de once séculos que nese día foron descubertos os osos do Apóstolo Sant Iago, ou, según outros, do herexe decapitado en Tréveris, o bispo galego Prisciliano.

Sexa dunha maneira ou doutra, ou cicáis de ningunha, o caso é que tal data marca o comenzo da nosa nacionalidade Arredor do sepulcro do Santo, foise formando un núcleo de povoación, cada vez máis importante, que acadou o seu intre máis esplendoroso coa outa figura de Xelmírez, o primeiro arcebispo compostelán.

As xentes que chegaban a Sant Iago de total-as partes do mundo, deixaban a semente que logo froitificaría con características propias; e ao misturarse coas da terra galega, formarían a personalidade do noso povo a traveso de centos de anos de constantes e variadas peregrinacións.

Non interesa para a nosa teima que o feito fora esencialmente relixioso, de fe, da grande fe que deu nacimiento a un mito, que libertou á Hespaña do soxuzgamento musulmán. O importante é que ese feito constitúe o fito que sinala o momento en que Galiza escomenza a perfilarse como nación e que adquire nos séculos XI e XII unha forza tal, que a ponto está de domiñar a Castela e converterse en reitora dos povos peninsulares.

I esto é somentes o que nos debe xunguir aos galegos na recordación do Día de Galiza. Celebren os creentes as festas e as ceremoñas tradicionais; protesten os incrédulos dos mitos e lendas; sorriáanse os escépticos... Non importa. Todos podemos e debemos comulgar en ese día nun soio ideal, nun soio amor: o amor á nosa Terra.

Si queremos que ela sexa grande e ceibe, que nos encha de orgullo e satisfacción; que todos poidamos desenrolar nela as nosas actividades e gozar dos seus encantos, sen ter que deixala en procura do máis elemental para vivir, temos que traballar con afínco en elevar a súa cultura e liberala das cadeas que a aferrollan.

Con total-as nosas forzas, en todol-os intres, debemos de loitar por esas dúas obrigas sagras. Anque nos pareza un imposible, anque a realidade nos desmintá e se mofe de nós, anque todo se conxure en contra do noso anseio, endexamáis debemos desmaiar nin esquerer do pensamento a tarefa sagra que nos impón o mandado da raza.

¡Galegos! ¡Sexa o Día de Galiza, o 25 de Xullo, a festa meirande do noso corazón! Nese día debemos esquerer sempre as nosas pequenas loitas, e lembrarnos somentes de que alá, na terra esmorecida i escravizada, hai un povo irmán que, cos ollos postos nos que temos a dita de atoparnos fora daquel inferno, espera que un día chegue, como un milagre, que traía a súa anciada liberación.

Fai tempo que o presidente Truman, aconsellado pol-os militares do seu país, trata de incorporar á Hespaña ao paito de Atlántico. Os militares consideran á Península como un puntal importantísimo na posibel loita contra de Rusia. Xuzgan que ela sería unha das principaes bases para avións, aparte de constituir a chave do Mediterráneo.

Estratéxicamente, non hai nada que ouxetar. O que conte con Hespaña, ten nas súas mans unha das máis fortes cartas de trunfo para a guerra anticomunista. Anque Europa fora ocupada pol-os bolcheviques, Hespaña podería ser fácilmente defendida pol-a axuda por mar de Norteamérica e Inglaterra.

Teóricamente, nos mapas dos estados maiores, ésta é unha cuestión aisiomática. Os estados maiores soio teñen en conta os números e a xeografía. Pero eu atreveríame a facer unha pregunta, co permiso dos técnicos: ¿Abonda poder dispor da materialidade dun país, sen ser dono do seu espírito, para utilizalo en defensa dunha causa que constitúe a súa desgracia?

Mais craro. ¿E posibel que o povo hespañol, sometido a unha tiranía infamante, poida axudar a Norteamérica contra quen queira que sexa si precisamente Norteamérica é a principal causante de que esa tiranía perdure? ¿Cómo os hespañoles poden desexar o trunfo de Norteamérica, si o trunfo dela significaría o afianzamento, por tempo indeterminado, do réxi-

me franquista?

Un grave erro comete a gran Nación do Norte en incorporar á Hespaña de Franco aos países democráticos. Erro que lle pode tragar serias consecuencias para o porvir. Pol-o de pronto, xa está sintindo as consecuencias desa aitude conciliadora co totalitarismo hispano. Inglaterra e Francia xa fixeron chegar a súa protesta aos ianquis respecto á incrusión da Hespaña no paito democrático, cuos compoñentes, menos Portugal, son contrarios tamén a esa incrusión.

Non podía ser doutro xeito. ¿Cómo pensar que nacións que aman a liberdade e que están dispostas a combatir o totalitarismo comunista poidan desexar aliarse á única nación feixista que quedou no mundo, despóis de haber sido derrotados Hitler e Mussolini, os causantes do aital réximen hespañol? Soio unha cegueira incomprendible pode eispricar a aitude de Norteamérica, empeñada nunha empresa que sen dúbida algunha lle ha de tragar máis doores de cabeza que beneficios.

Que non se fagan ilusións os conselleiros de Truman. Eles, coa mentalidade "standard" do seu país, coidan que os hespañoles son fáciles de engatusar e utilizar para servir de mercenarios ás ordes dos superhombres norteamericáns. Coidan, pol-o visto, que dándolles uns cantos dólares para que maten a fame, xa os van a ter ao seu servizo para defender a democracia,

pero a democracia deles, porque a nosa quedaría perdida per século seculorum, si chegase a trunfar Norteamérica, levando do seu brazo ao Caudillísimo.

Non; non caeu aínda tan baixo o espírito dos povos hispánicos, para que se presten a ser escravos dunha nación, que non ten vergonza de darlle a man ao home funesto que tiraniza ao seu país dun xeito inconcebible. Os povos hispánicos non temen a nada; non lle importa o réxime que poda vir ás súas terras, sempre que ese réxime respete a súa diñidade e a súa liberdade, como nacións e como individuos; pero endexamáis axudará a ninguén que o utilice como carne de cañón, e menos, para contribuir a remachar as súas propias cadeas.

O desprezo que fai Norteamérica das normas de ética máis elementaes antre persoas honradas, sacrificando, co pretexto de defender ao mundo do peligro comunista, a un povo que se ergueu, o primeiro, contra dos feixismos que o asoballaron, produce verdadeiro asco e merece o repudio de total-as xentes sinxelas.

¡Que non esquezan Norteamérica que os "imponderables" xogaron nas dúas derradeiras guerras un papel decisivo na victoria!

E o que non ten a aprobación do mundo, por moita forza material de que dispoña, endexamáis poderá vencer á conciencia universal.

¡Esto é o que nos enseña a Historia!

Encol de Idomas e Dialectos Hespañoles

O gran diario de Santiago de Chile "La Hora", no seu número de 25 de Xunio derradeiro, publicou un interesante e áxetado artigo do noso distinto irmán e delegado do Consello de Galiza na citada poboación, Manuel Cel o Garrido, contestando a un hespañol que calificaba de dialecto ao noso idioma.

O mencionado artigo, que craro está, foi publicado en castelán temos o gosto oxe de reproducilo traducido ao galego.

O meu intelixente concibdadán, Antonio R. Romera, a quen egoalmente admiro como artista e como crítico en xeral, fai, a propósito dunha pretendida polémica en desenrolo, na que non pretendo quitar nin poñer rei, nin por asomo, un esguello retórico, máis que un traballo serio, encol de idiomas e dialectos, nun artigo publicado en "La Nación" do pasado día 10.

O meu ex colega in magister toca o tema agarrándoo pol-os cabelos, e no desenrolo documental que utiliza para deixarnos nunha vaga imprecisión final, sen precisa conclusión, trague como testigo de maor valía a don Miguel de Unamuno.

Ben. ¿E para qué? Porque,

por

MANUEL CELSO GARRIDO

en fin de contas, as rebuscadas verbas do profesor de Salamanca, no tocante ao tema, ben pouco ou ren nos dín aparte desa cousa insulsamente sensibreira e sentimentaloida da integración, que ninguén pode comprender dun xeito cabal o seu verdadeiro significado, tal como alí son copiadas as ditas verbas.

Non coñezo íntegramente o texto de don Miguel, pero si por integración debe entenderse fusión dos idiomas peninsulares para "recrear el español", tal como no linguaxe culto se entende, con permiso do ilustre morto e do señor Romera, elo é unha solene irresponsabilidade filolóxica, algo así como a pretensión teimada dun imposible asesiñado lingüístico, con histórica e pugnans de reiteración.

¿Fusionar qué? ¿Acaso pódese facer cos idiomas, coas linguas vivas en pleo uso e comer-

cio literario e popular, a mesma operación física que cos metais ao misturalos, en fusión, para sacar un novo composto de características determinadas a priori? ¿Pode facerse con eles o mesmo que se fai químicamente con outros corpos por outer mediante combinacións calculadas, compostos predeterminados teóricamente? Rotundamente: Non.

Vaia, amigo Romera, falemos en serio. E digamos dunha vez por todas a verdade, anque non-os agrade, que por algo a xente nos escoita e nos lee de vez en cando. senon con carifío na súa totalidade, pol-o menos con respecto. Que por aitar en esta e outras lides egoalmente nobres e honrosas para ambos, valente e desprexuciadamente, vivimos gustosos na emigración forzosa. E ao gran, que a non ser pol-as inxundia a que conduxo o caso a Real Academia (?), e algo máis que non ven ao caso mentar, non sería eu a estas horas un máis en discordia...

(Continúa na pág. 2)

Día dos Mártires

O DIA 29 DE AGOSTO VINDEIRO, AS 21 HORAS, CELEBRARASE NOS SALONS DO CENTRO OURENSAN, UN AITO PATRIOTICO EN LEMBRANZA DOS NÓSOS MARTIRES, QUE MORRERON EN DEFENSA DA LIBERDADE E DA AUTONOMIA DE GALIZA.

FALARAN:

O PRESIDENTE DA COMISION INTERSO CIUTARIA SEÑOR

BIEITO CUPERIO

E O SEGREDARIO DO CONSELLO DE GALIZA SEÑOR

ANTON ALONSO RIOS

E DEBER DE TODO BO GALEGO CONCURRIR A ESTE AITO



Encol de Idiomas e Dialectos Hespañoes

(Ven da páx. 1)

Na Hespañia, filolóxicamente falando, non hai tal "idioma español". Haino, sí, e única-mente por estatal imposición —e "vencer no es convencer", dixo Unamuno certa vez, ben sinificativamente—, dun deles sobor dos demais, que antre todos suman catro: O vasco, o galego, o catalán e o castelán. Nomeados como quedan, no orde que cronolóxicamente fóronse plasmando como taes, e chegando á maioría de idade ao adquirir, ademais de uso corrente, calidade literaria. Primeiro o vasco, falado en Euzkadi, que nin romance é, e que podemos consideralo como aborixen, mentras non descubramos raíces e contido doutro anterior na mesma área xeográfica; tal como o celta na Galiza e o ibero no Levante. Logo veñen os tres seguintes, todos eles romances; é dicir, derivados da lingua de Roma: o latín. Como o francés, o italiano, o portugués (eiquí poderíamos deter-nos a falar sobor do galaico-portugués, como un único e mesmo idioma en realidade), e o rumano, todos eles neolatinos, como todos os hespañoes, menos o vasco.

Logo ven o galego, de gro-riosa tradición cultural e de prosapia anterior á do castelán, coas "cantigas" do Rei Sabio á cabeza, e aquelas outras de Amor e Maldecir de que "el mismo pueblo castellano que en-tonaba la lengua de Burgos en las gestas heroicas, valíase del gallego para las cantigas"; o que eu primeiro aprendín a fa-lar i é o meu modo natural de eispresión, uns catorce anos an-tes de que pudiese facelo neste en que agora estou escribendo, que non me é propio, senon prestado. I egoal que eu to-dol-os fillos de Galiza en xeral A continuación, o catalán, que fala Cataluña enteira, con al-curnia literaria e cultural coe-tánea coa do provenzal, na épo-ca dos xoglares. E, por fin, o castelán, que soio cos cantares de xesta, e ben entrada a Idade Meia, escomezou a darnos o seu caudal inesgotabal de froi-tos eisquisitos, como tal idioma.

En resumen: Non se pode fa-lar en rigor de "un idioma es-pañol y varios dialectos". Con propiedade pódese falar soio de catro idiomas á vez, todos eles linguas vivas i en pleo uso e abuso, tanto intelectual como popularmente: O vasco, o gale-go, o catalán e o castelán. E si tanta afición hai aos dialectos, que se nos fale do valenciano como dialecto do catalán; do ar-daluz, dialecto do castelán; e do bable, que hai que pensar moi-to antes de decidirse a poñelo como dialecto do galego ou do castelán, porque eiquí cada un trata de arrimar a brasa á súa sardiña.

Quedamos, pois, en que o vas-co é asunto aparte, e que antre os tres restantes, os tres son idiomas e ningún deles dialecto. Si acaso, sono do latín, do ca-l proceden. Pero ningún deles an-

res, menos o derradeiro, falaron no idioma de Cervantes. Pa-rescía un aito castelán en homaxe á nosa Terra.

Gracias ao que falou ao remate da festa, mozo intelixente e de probado corazón galeguista, que o fixo en perfecto idioma noso, salvouse o espetáculo, non sen enrostrarlles aos que nel tomaron parte a falla de senso e de patriotismo.

¡Hastra cándo seguirá aituando o complexo?

El Día de Galicia

(TRADUCCION)

Fecha memorable para nuestra Patria es el 25 de Julio. Hace más de once siglos que en ese día fueron descubiertos los restos del Apóstol Santiago, o, según otros, del hereje decapitado en Tréveris, el obispo gallego Prisciliano.

Sea de un modo o de otro, o quizá de ninguno, lo cierto es que tal fecha señala el comienzo de nuestra nacionalidad. Alrededor del sepulcro del Santo, se fué formando un núcleo de población, cada vez más importante, que alcanzó su momento más esplendoroso con la alta figura de Gelmírez, el primer arzobispo compostelano.

Las gentes que llegaban a Santiago de todas las partes del mundo, dejaban la semilla que luego fructificaría con caracte-rísticas propias; y al mezclarse con las de la tierra gallega formarian la personalidad de nuestro pueblo, a través de cientos de años de constantes y variadas peregrinaciones.

No interesa para nuestra tesis que el hecho fuera religioso, de fe, de una gran fe que dió nacimiento a un mito, que liberó a España del sojuzgamiento musulmán. Lo importante es que ese hecho constituye el hito que marca el instante en que Galicia empieza a perfilarse como nación y que adquiere en los siglos XI y XII una fuerza tal, que a punto está de dominar a Castilla y convertirse en rectora de los pueblos peninsulares.

Y esto es solamente lo que nos debe unir a los gallegos en el recuerdo del Día de Galicia. Celebren los creyentes las fiestas y ceremonias tradicionales; protesten los incrédulos de los mitos y leyendas; sonrían los escépticos... No importa. Todos podemos y debemos comulgar en ese día en un sólo ideal, en un sólo amor: el amor a nuestra Patria.

Si queremos que ella sea grande y libre, que nos llene de orgullo y satisfacción; que todos podamos desarrollar en ella nuestras actividades y gozar de sus encantos, sin tener que dejarla en busca de lo más indispensable para vivir, tenemos que trabajar con ahínco en elevar su cultura y librarla de las cadenas que la oprimen.

Con todas nuestras fuerzas, en todos los momentos, debe-mos de luchar por esas dos obligaciones sagradas. Aunque nos parezca un imposible, aunque la realidad nos desmienta y si-mofe de nosotros, aunque todo se conjure en contra de nuestro anhelo, nunca debemos desmayar ni olvidarnos de la tarea sa-grada que nos impone el mandato de la raza.

¡Gallegos! ¡Sea el Día de Galicia, el 25 de Julio, la fiesta más grata a nuestro corazón! En ese día debemos siempre o-vidar nuestras pequeñas luchas y acordarnos solamente de que allá, en la tierra marchita y esclavizada, hay un pueblo hermano que, con los ojos puestos en los que tenemos la dicha de ha-llarnos fuera de aquel infierno, espera que llegue un día, como un milagro, en que se produzca su ansiada liberación.

tre sí, posto que son desgaxes do mesmo tronco común, que, á súa vez, plantados en novas e distintas terras e abonados con diversos humus, dan cada un deles flores novas de eispresión humana, contido propio e musi-calidade distinta, formando a adorabel polifonía peninsuar.

E con perdón de don Miguel e de vostede, amigo Romera, o de fusión, "debelada" a verda-de, é tontería repetilo. Un idio-ma é algo íntimo e intransferi-bel, biolóxico, entraña dun po-vo, médula viva do seu espírito. Néi cántase, chórase e riése; rézase e maldícese; ódiase e ámase; pero é algo que non se pode eliminar endexamais por ningunha clas de decretos esta-tales, anque éstos sexan tan ve-llos e leven ao pé a firma dos mismísimos Reis Católicos... e chegue despóis unha Real Academia "limpiando, puliendo e dando esplendor" á imbecili-dade augusta. Un idioma é fa-ber e politikón ao mesmo tem-po, como dirían Bell, Husserlo e Bulher, poño por caso; é dicir,

sentimento i eispresión, instru-mento e música, alma e cauda e válvula...

En vez de fusión, que anula e mata ao desfacer, falemos de intercambio i enriquecemento mutuos, de transmisión recíproca por meio desas a modo de ós-mosis i endósomosis, reaes e visi-beis, a diario, que ninguén pode eliminar, e soio sí, ás veces, pe-nosa e vagamente, canalizar nos permeabeis e lóxicos axun-tamentos inevitabeis. Pero sin intentar perder a nosa intrínse-ca calidade —ao contrario, con-servándoa sempre, que diluirse é eliminarse—; nin vostede, Romera, de castelán, nin de ga-lego eu.

E tomemos o problema en se-rio, para darlle honrada solu-ción, porque él é cicáis unha das máis serias causantes dos maes que traguen a mal tra-guer á nosa sacrificada Hespañia. Tanto, que delo depende, sustancialmente, que a Penín-sua deixe de ser, e dunha vez por todas, o cocido a ponto das guerras civies, para transfor-marse, mediante novos módulos sociais e políticos, de vida e convivencia antre os diversos elementos étnicos, culturais e linguísticos (nacionalidades) naquel oasis de paz, de progreso e de fraternidade a que temos dereito os hespañoes. Tal é a aitude máis proveitosa.

Xa temos unidade antre as agrupacións do Centro Galego. In dos LEITMOTIVS foi o de suprimir as loitas eleitoraes, ue eiscederon moitas veces as regras da boa educación.

Si o Centro Galego fose un Estado con territorio propio, xército, mariña, aviación, etc., etc., os muñidores da dita unión acabarían co desbaraxuste eleitoreiro cun golpe de for-a, e os que decote están na lúa, apraudiríanos coas monser-gas de sempre. Como esto non era posibel, ocurruésselles nada nenos que facer unha unión que intenta xuntar a iauga co lleo.

A nós paréscenos moi ben que non se repitan as "zanca-illas" eleitoreiras e o proselitismo por meio da concesión a áto de favores; pero tememos moito que isto non suceda e que a unión sexa un a modo de truco ou xogo de envite.

Entón non tardaremos en ver aos vellos troilimáns da mentira achegárense ás nosas entidades xogando á zurda.

Asín o Centro Galego pareceráse bastante ao que Castela-lecía dos gobernos hespañoes: da ditadura ao desbaraxuste.

* * *

Un publicación que fai uns meses presentounos a Pondal como poeta "hispanoamericano", facendo pendant con outro destas terras, acaba de presentarnos do mesmo xeito ao ilustre canxés, Manuel Antonio, xunguido ao uruguaiño Zorrilla de San Martín.

Calquera día presentaríanos a Dante ou a Heine, como eu-ropeos para que os lectores pensen cicáis que nasceron en Fe-reiría do Pontón, poñamos por caso.

* * *

Algúns paisanos están carraxentos porque Paco entregou-le o Ferrol a Harry. Outros estarían se o entregara a Xosé.

A nós tanto nos ten. Henos o mesmo que se chame Ferrol de Truman que Ferrol do Caudillo.

* * *

Toda aquela grandeza de imperio soñada nun intre de cán-lido outimismo, ficou reducida a eso, á cesión de bases aos piratas ianquis.

Os esqueletes dos galegos afogados en Cavite e Santiago de Cuba, bailarán de contento no fondo do mar.

¡Remember Maine!

* * *

Xudas vendeu a Cristo por trinta diñeiros. Fixo un mal negocio.

O que vende á súa Patria, anque sexa por varios millóns de dólares, tampouco fai un bó negocio.

Hai cousas que non se poden vender, nin por todo o ouro do mundo.

* * *

Casa de Galicia segue coas súas trangalladas, que poñen en ridículo á nosa coeitividade.

Viaxes á Terra con acompañamento de gaita, rañas de be-leza, bailes carnavalescos, festivaes flamencos, xantares —cada sábado, un—..., o demo.

Estos argallantes discípulos do "Fogueteiro" aproveitaron ben as insinanzas do mestre.

O mellor día orgaizan un festival de circo con paisanos o bestas salvaxes en domesticidade. Sería o máis axeitado.

¡Lástima de nome!

* * *

Por desgracia, hai bastantes sociedades da nosa coeitivi-dade que se morren por esa clás de festas.

Nelas abundan as Rositas de Triana e o Niño de Córdoba e poñen ao fiñal, como para quitar o amargor do público, as gaitas de Dopazo ou de Sixto.

¿Cándo deixarán os nosos paisanos o complexo de inferio-ridade que os carcome?

* * *

En troques, en ningunha sociedade, vasca ou catalana ve-ráanse outras cousas que as súas propias.

Pois os galegos temos tamén un rico folklore, que podíam-os presentar ben aderezado, como fan os demais que teñen conciencia da súa personalidade e do seu deber de honrar á súa Terra.

¿Por qué non facemos o mesmo nós?

* * *

E a este propósito, vamos a relatar un feito que é defi-nitivo.

Celebrábase un xantar en honor dun ilustre galeguista que se atopa en Bós Aires.

Chegou o intre dos discursos e todos se eispresaron en cas-telán, máis ou menos correito.

Pero o homaxeado, cunha elegancia e unha fina ironía irre-prochabeis, contestou agradecendo no doce idioma de Rosalía e de Curros, deixando aos comensaes nun estado que non é di-fícil imaxinar.

Dixo, ademais, que gracias ao analfabetismo do povo se conservou o noso idioma e, pol-o tanto, o espírito de nazonali-dade de Galiza.

¡Qué fermosa leición!

* * *

Non fai moito tamén, ao celebrar unha das nosas socie-dades o aniversario do Plebiscito Galego, todol-os discursado-

Fermín Bouza Brey

Invitado pol_a Sociedad Folklórica Argentina, atópase nesta cibdade un ilustre galeguista e literato: o doutor Fermín Bouza Brey. Secretario do Patronato Realía de Castro, a súa labouira no campo das letras é grande. Dáas obras destacan sobor de todo: "Nao Senlleira", "Libro de poesías", e a novela "Cabalgadas de Salnés". Ademais é autor de numerosos traballos acerca de folklore, arqueoloxía e ensaio, aparte dos feitos no Seminario de Estudos Galegos e das colaboracións na revista "Nós". A continuación insertamos un artigo de Fermín Bouza Brey, que copiamos da revista "Galicia", por considerar que nel están ben compendias as actividades máis caras para nós do doutor Bouza Brey.

Polo ano 1923, un fato de universitarios, amantes de Galicia, da súa historia e da súa cultura, decidiu fundar un centro de estudos, consagrado á investigación dos nosos problemas. A xenerosa idea coallou en prometedora realidade. Un día outono, docemente emotivo, aqueles universitarios dirixíronse, en gozoso pelerinaxe, ó val de Mahía: o val rosalián por antonomasia. Na casa do castro d'Ortoño onde a cantora do Sar viviu os seus anos mozos — os xóvenes romeiros fundaron aquí mesmo o día do 23 de outubro do 1923, o Seminario de Estudos Galegos. Os escolares que apadriñaron a fundación, foron Fermín Bouza Brey, Wenceslao Requexo, Xosé Peña, Filgueira Valverde, Luis Tobío, Martínez López, Magariños Negrera, Romero Lema e Vidán Freiria.

O Seminario xurde con unha forza nova, inédita no noso país; o seu afán dirixíase á formación de investigadores; pero á beira do estudo especializado, cultivaba a vulgarización. Armando Cotarelo é o seu primeiro presidente, e na reu-toría do centro tiñan de sostitúlo, proseguindo o seu labor, Cabeza de León e Luis Iglesias. Santiago — epicentro da espiritualidade galega — constitútese en sede do organismo nacente. A eternidade e a historia compostelás, ambientan os seus propósitos. Rexa e severa no seu cerne romántico, cincelada e diversa no seu sobrefeito barroco, a cidade coñece os esforzos das promocións mozas que se afanan por reconstruír a cultura de Galicia.

Fermín Bouza Brey, dinámico estudante, entusasta afervorado das cousas galegas, é un dos principais animadores do Seminario. Bouza nace en Pontearas, ó comenzo do século. Sendo estudante de Dereito na Escola compostelá, empriencia as súas primeiras colaboracións históricas, na revista "Ultraya". Oposita á Xudicatura, licénciase en Filosofía, adicase ós estudos de prehistoria. O seu traballo é impouso; publica un libro de versos, que lle tiña de doar renome; vai pensouado a Francia e a Portugal; percorre a Armórica, entra en contacto cos poetas bretós, colabora en diversas revistas lusas e galegas.

Xa na época universitaria, Bouza Brey acréta-se como un dos mozos máis agudos e traballadores. Ademais de exercitar o seu talento, non esquece que o xenio é un pouco "a longa paciencia". Esta dobre condición apréciase nunha conferencia que sobre de "Cencia e Filosofía Galegas" foi lida n-algúns cenáculos americanos. Sinala nela as bases diferenciadas máis antergas da nosa psicoloxía: no artístico e no filosófico. Bases que entrescolle das letras dos Romanceiros e Cancioeiros, por unha banda, e das doutrinas do célebre herexe Prisciliano, por outra.

Cara a mesma época, publica un ensaio tidoado "A formación literaria de Eduardo Pondal, e a necesidade de unha revisión dos seus Queixumes". Máis tarde tiña de insistir sobre do tema pondalián, en "Camões e Pondal". Bouza sinte unha gran curiosidade pola Galicia anterga. Frecuenta os máis variados campos, animado pola arela de descubrir unha noticia, unha información, un dato. É arqueólogo, historiador, folclorista, poeta, incruzo novelista na súa "Cabalgadas do Salnés". Tamén se ocupa de heráldica e xenealoxía.

Non é cousa de facer un exame miudoso, unha enumeración completa dos seus traballos, abondo.

por

F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO

cer no escritor, a un dos máis traballadores estudosos de Galicia nos intres presentes, e a un dos máis eficientes transmisores da antorcha do noso pasado. Por algo non ten dubidado en sacrificar a posíbre especialización, á formación xeral e orientadora mergullándose no arteficio das vellos épocas, e tamén na súa maxia.

O pasado galego, en todas as súas diferentes manifestacións, é o grande persoaxe que desperta o interés do escritor. Conoce a idade das carcomas; sabe da calidade dramática do pó que se prende á súa xema, cando pulsa os dedos encol das cousas, pra unha apreciación valorativa do pretérito. Gusta do recendo dos ambientes vetustos; prácelle o ridual esgrevio dos silencios carregados de conversa dos vellos tempos. Un anaco de cerámica, unha lápida, un libro raro, teñen pra Bouza o significado dunha longa estadea de muitas vidas do pasado.

Tén, ademais, o escritor unha fonda afición pol-os problemas da nosa lingüística. Axusta ó outo empeno de recriar a fala, os distintos aspectos do seu labor: observacións e léxico e ó dicionario, a gramática, o tesouro paremiolóxico, a interpretación de textos. Exercítase, impracablemente na busca e escolma de vocabros medievais, que ten de empregar pra escribir con rigor de modernidade.

Fermín Bouza Brey cultiva, en resume, múltiples xéneros culturais. Bó sistema, en certo xeito. No orde intelectual, todol-os camiños son aceptables cando conducen ó escritor á meta única: a realización da súa persoalidade. Por outra banda, a semivirxindade que caracteriza ós campos da investigación galega, é unha constante incitación pra quen, como Bouza, sinte o fervor e a curiosidade de todo o autóctono.

A posteridade terá que recono-

cer no escritor, a un dos máis traballadores estudosos de Galicia nos intres presentes, e a un dos máis eficientes transmisores da antorcha do noso pasado. Por algo non ten dubidado en sacrificar a posíbre especialización, á formación xeral e orientadora mergullándose no arteficio das vellos épocas, e tamén na súa maxia.

O orixe do chouto de Bouza cara á notoriedade na cultura galega, remóntase a varios anos atrás. Cando nós andábamos, aínda, polo terceiro caso da multiplicación, e das decrinations latinas. Por ise tempo emprincipiábase a experimentar a sensación de poesía que latexa na obra esparexada dos nosos crásicos medievais. Unha poesía que froíamos, despois, remozada, nos versos de "Nao Senlleira".

N-listes poemas, recollidos en artístico volume, atopamos a cotío o ecoar d-unha sabrosa saudade. O poeta é un bó conecedor da nosa poesía popular. Pero é, non embar-gantes, un poeta de feíto cortesán. Con unha devoción pousada, fonda, achegouse ó manantío inspirador dos Cancioeiros medievais. E así puido adornarse do seu espírito, da súa métrica, das súas formas, e do seu acento poético.

Pero "Nao Senlleira" non resulta como se puidera coidar, a amosa d-unha lírica arcaica, d-unha ialma morta. A técnica do seu autor ten todal-as dificultades das formas antergas dos troveiros, e as da lírica moderna: dúas cousas que soupo xunguir, con un simbolismo ditoso. Bouza Brey, nos seus poemas, remozoa o vello, e dóalle ár e dimensión novos. A súa poesía é sempre galega; pola tradición, pol-o tema, pol-o espírito; está chea de mol sensualidade, de loira dozura. Encarna, en fin, a ialma da lírica inmorredora de Galicia, transparentada á nosa actualidade, con un acento de hoxe.

Eisposición de Domingo Maza

O 21 de Xullo, no salón de xuntas do Centro Ourenés, inauguronse a eisposición do escultor galego, Domingo Maza. O ben coñecido artista compostelán presenta unha serie de tallas que mostran a forza da súa creación, cun senso racial que a caracteriza e cunha precisión i elegancia de liñas que a fan grada ao espírito.

Antre os bustos de Bóveda, Curros Enríquez e Lamas Carvaxal, e as estampas do álbum "Nós" do inmorrente Castelao, destácanse "Rapsoda de Cego", "Marisqueira", "Muradana", "Rapaz con páxaro", "Vello labrego", "Mancineira", "Paraguieiro", "Barbarie", "Desafío" e "Meditación".

Cada unha destas tallas ten un poder de atracción especial, que chega a ialma do que as contempla; cada unha delas ten un rasgo que a define dun xeito rotundo. De todas, a que máis nos agrada é a cabeza dunha bela muradana, que relembra a ascendencia grega das nosas mulleres nascidas nas faldas do Pindo, o monte que se ergue domiñando a ría de Muros e Noia e a costa brava de Corrubedo.

Moi concurrido estivo o aito da inauguración, que contou coa asistencia de relevantes figuras da nosa coledividade e de re-

presentantes das artes arxentinas e das sociedades "Impulso" e "Pachacamac", núcleos artísticos da Boca e de Boedo, respectivamente.

En nome da comisión de cultura do Centro Ourenés, decrarou aberta a eisposición o incansabel e aitivo galego honorario, Enrique González, quen, con verbas axeitadas fixo a presentación de Maza e de Avelino Díaz, encarregado do discurso principal, que noutra logar destas páxinas temos o agrado de publicar.

A continuación falou, pol-os arxentinos e amigos do artista, o delegado da sociedade "Impulso", José Pugliese, quen, despois de facer un agarimoso e xusto eloxio de Maza, anunciou un xantar que para dentro de pouco lle darían os socios da entidade que representaba.

E con esto terminou a simpática reunión, que acudeu a rendir unha vez máis o seu entusiasta aprauso ao escultor que fixo o busto de Castelao e q tantos amigos soupo conquistar na nosa coledividade e na da terra xenerosa onde vivimos.

Felicítamos cordialmente ao amigo Maza e ao Centro que tan ben sabe interpretar o sentimento de galeguidade, abríndolle as portas a todo o que representa un galardón para a nosa Terra.

¡ EN PE !

por ANTON GOMEZ

Non está todo perdido no que se refire á nosa Terra, d'abondo perxudicada.

As cousas que non revisten forma material, que como neste caso importa tanto salvar, resisten o peso dos escombros e poden rexurdir d'antre eles.

O pensamento de desastre definitivo pousouse na anguria e desconcerto subsiguientes ao remate da guerra civil na península; mais de ningún xeito, ideia tan decrinante podía alongarse máis alá do estimabel, pra lograr fortalecemento, inda que miudo. E certo que os vándalos modernos, pousidos do máis feroz instinto primario, escollián as súas vítimas de sorte que do eistermiño, se non salvou ningunha criatura pensante. As tapias dos cimiterios foron decote testigos d'infundade d'esceas macabras en seráns sombrizos, levadas a cabo, en meio d'alaridos ancestrales e

Viaxe de Dapresa

O día 29 do pasado mes de Xunio parteu en viaxe de pracer para Galiza o noso ben querido irmán Moisés Dapresa.

Despois de máis de 20 anos de América, ben gañado se ten o amigo Dapresa o gosto de visitar a súa Terra para recrear os ollos nos seus belidos paisaxes i empapar o seu espírito nas esenciais da raza.

Moito desexamos que teña un feliz viaxe e que o seu regreso non se faga de esperar, pois A NOSA TERRA bótalo grandemente de menos.

e, sen perder tempo, que con ele faga chourizos que sirva pra vender en lata!



As son da zanfona

A Pauliña do Porco

Por VERDUGILLO

O almirante Sherman, que en Europa andaba, por orden de Truman, buscando alianzas, repentinamente, morreu en Italia.

O representante da "gran democracia" visitando ao porco, de estar, acababa. I eso foi, sen dúbida, a súa desgracia.

O animal inmundo, que vive na Hespaña, atópase enfermo dunha mortal plaga. Botoulle a pauliña unha mala fada, e a quen se lle achega, sen remedio mata.

Por eso as persoas que están enteradas da grave doenza da besta ameigada, arrédanse dela, cal dunha apestada.

En troques, o ianqui, coa soberbia fatua da pedantería, que se ten por sabia, desprezando as normas da opinión sensata, ao cocho arrimouse, sen ter medo a nada. A temeridade pagouna ben cara.

Tome o mundo enteiro nota desta falla. Non impunemente a lei se quebranta. O porco maldito, vergonza da casta, non pode alternare coas xentes honradas. Ten enriba dele indelebel mancha. ¡Xordán non existe pra purificala!

Inútil que queiran dar belixerancia ao ser cuido soio alento contaxia, a quen a concenu dos povos rechaza. O que tal pretendia el mesmo se engana, e a morte condénase co seu camarada.

Inútil; na terra non haberá calma namentras o porco que foza na Hespaña non sexa colgado por unha roldana.

Voulle a dar a Truman miña opinión franca: si deseza o triunfo ver da democracia, en lugar de mimos, que ao cocho apuntalan, que a Chicago o leve preso dunha pata.

Aniversario do Plebiscito Galego

A coleitividade galega de Bós Aires, representada pol-a Comisión Intersocietaria, que compoñen os centros: Provincial Cruñés, Pontevedrés, Ourenán, Lucense, A. B. C. de Corcubión e Irmandade Galega, celebrou o 28 de Xuño derradeiro, coa diñidade con que o ven facendo ano tras ano, unha nova data do Plebiscito do Estatuto Galego.

No salón da rúa Sáenz Peña 242, perante un público cheo de fervinte patriotismo que colmaba totalmente o salón, celebrouse o 15 aniversario da xeira cívica de máis fonda significación política da historia do noso país; porque non escapa ao bon senso da Galiza emigrada a gran trascendencia histórica destas celebracións, que veñen sendo unha categórica reafirmación, de que a vontade do

povo galego, libremente expresada o 28 de Xuño do 36 está cada diada máis firmemente determinada a conquistar as rendas dos seus propios destinos.

O aito acadou lucidas propostas, e contou coa valiosa colaboración da prestixiosa coral Terra Nosa, que baixo a intelixente dirección do mestre Isidro B. Máiztegui, interpretou coa xusteza e riqueza de expresión a que nos ten acostumados, o Hino nacional galego e algunhas das cancións do rico folklore da nosa patria. A pos da intervención da coral, o rexo recitador Sr. Lito López fíxose ouvir coa varileza e fonda emoción que lle é característica, no recitado de poesías de Cabanillas e de Zapata García. Tanto a intervención do coro como a de Lito, foron longa e entusiasmamente aplaudidas polo pú-

blico.

Cumprida da maneira sinalada a primeira parte do aito ocupou a tribuna o Sr. Bieito Cupeiro, presidente da Comisión Intersocietaria, quen fixo un estudo dos antecedentes do lembrado plebiscito, sendo o final do seu discurso—cuio texto publicamos aparte—fortemente aplaudido. Despois do Sr. Cupeiro fixo uso da verba o representante dos cataláns, Dr. Juan J. Lloréns, o que estudou brillantemente algúns dos aspectos económicos de Galiza, cando poida desenrolar sin intervencións estranas a súa economía. Despois do Dr. Lloréns, disertou o representante do Goberno Vasco, Sr. Ildefonso Gurruchaga, quen analizou a semellanza dos movementos nacionalistas dos povos galegos e vasco i-as relacións que entre os mesmos

debe existir. Tanto o Dr. Lloréns coma o Sr. Gurruchaga foron celebrados con sostidos e cálidos aplausos. Falou pechando o aito o Segretario do Consello de Galiza, Sr. Antón Alonso Ríos, cuías verbas publica-

mos noutro lugar desta páxina e que foi cálida e longamente aplaudido. Dando así termo esta nova lembranza do noso plebiscito, e saíndo o público asistente co ánimo ven temperado de encumado patriotismo galego.

Antón Alonso Ríos



O secretario do Consello de Galiza pronunciando as verbas alusivas ao Estatuto Galego

Grada visita

En viaxe de recreio, estivo en Bós Aires nos derradeiros días do mes, o aitivo delegado do Consello de Galiza en Sant Iago de Chile, D. Manuel Celso Garrido.

Este benquerido irmán está facendo unha grande labor galeguista na cidade mencionada, onde, anque non hai a masa de galegos que existe nesta capital, a coleitividade da nosa Terra atópase, en xeral, en boa posición económica e pode, polo tanto, realizar unha obra meritória.

O señor Celso Garrido, que, en unión do conselleiro señor Suárez Picallo, traballa intensamente a prol da nosa causa, cifra moitas esperanzas no resultado satisfactorio da súa tarefa.

A N O S A T E R R A saúda garimosamente ao seu distinto colaborador, cuio último artigo publicado na prensa chilena, ten o gosto de insertar oxe, traducido ao noso idioma, neste mesmo número.

Discurso de Bieito Cupeiro

Donas e señores:

O 28 de Xuño de 1936, as Axencias Noticiosas Internacionais espallaban unha noticia, que si pra moitos pasaba despercibida por razóns de racial e xeográfico alonxamento, pra outros significaba a realización dun anexo fundamental sentido, o logro dunha arela longamente degoirada. Ises eran os milleiros de emigrantes galegos, que en total-as terras i-en todolos mares; pero, sobor de todo, dende Alaska ao Cabo de Fornos, traballan e viven tecendo saúdes, lonxe do chan nativo, porque n-ñ, un Estado que pretende ser a personificación dunha nación, dunha patria; négalles até o dereito de soste coa diñidade que compre os seus fogares, e pra Galiza soio existe pra eisixir con voracidade de mostro, trabucos, impostos e rendas. Isa noticia anunciaba un transcendental acontecemento, que finaba de producirse n-un antergo povo ibérico; a vella e sufrida Galiza, que moitos xa coidaban morta, coma povo diferenciado, de s preguizándose disa nugalla coleitiva que dende séculos tiña sumida no apoucamento e na escravitude, por meio d-un plebiscito de exemplar contido democrático, demostraba un unánime desexo de voltar aos canles das súas tradicións, e cumprir a misión histórica que coma povo dunha ben definida personalidade, lle corresponde. Iste pronunciamento autonomista do noso povo, encetaba unha nova era na que quería dar cume ás anseas de recuperación e progreso que dende longo tempo puñaban no seu espírito e na que terfan de facerse realidade, os proieutos de ben común que un fato de homes de escrarecido talento, de ardente e arrequeitado patriotismo, tales coma Bóveda, Casal, Castelao e moitos outros, viñan espoñendo á consideración do noso país, que soupo ver n-ñes a reita que había de conducir á nosa patria cara a súa redenzón e liberdade.

gou as terras das Hespaña, sumíndoas de novo no escurantismo dedieval. Non poido lograrse a liberación do noso povo, pero non por iso a data cuio 15 aniversario oxe relembremos ten menos trascendencia histórica, ela é a liña de separación de dúas épocas: unha, caracterizada pol-a dominación moral e material da nosa patria; e outra, na que as cadeas con que fica agrilloado o noso país son máis fortes que nunca; pero na que o espírito nacional galego, desenrólase e fortalécese cada diada, e donde queira que haxa un fato de galegos, aos cales a opresión non lles impida espoñer libremente as súas ideas, proclamen a cotío os dereitos da nosa terra e loiten polo enxerguemento da nosa cultura sécular. Isas son as razóns pol-as que nos atopamos oxe eiquí os representantes das máis importantes entidades da nosa coleitividade, tales coma os centros: Pontevedrés, Lucense, Provincial Cruñés, Ouren-

sán, A. B. C. de Corcubión e Irmandade Galega, contando ademais coa valiosa colaboración dos nosos irmáns de causa vascos e cataláns, pra reafirmar de novo o verdadeiro espírito, o espírito federalista dos povos máis progresistas de Hespaña. Porque, si ben e verdade que o noso povo votou o 28 de Xuño do 36 pol-a Autonomía, non era, nin pode ser isa, a verdadeira finalidade dos degoiros do noso país, xa que unha simple autonomía, que non é máis que unha certa delegación de funcións dun poder central que lle concede á rexión autónoma, coma unha gracia, cuáseque máis ben diría, coma unha esmola de liberdade non pode satisfacer as nosas inquedanzas patrióticas, nin ofrece á nosa patria o réxime de liberdade a que ten dereito.

Galiza é unha auténtica nacionalidade, tal como amosa a súa arte, a súa cultura, a configuración xeográfica i-especial morfloxía económica do noso

chan, e total-as particularidades que sirven pra definir e caracterizar aos povos; e si a nosa patria é unha verdadeira nacionalidade, ten dereito a dispoñer coma mellor lle cadre sin ningunha limitación, dos seus propios intreses; emporiso o verdadeiro sentimento do noso povo non é autonomista senon federal, por que entende que as nosas aspiracións caben doadamente dentro dunha Federación de povos Ibéricos. O sentimento federalista dos galegos moveu aos máis caracterizados elementos do republicanismo da nosa Terra a xuntárense na histórica reunión de Lestó, xa un ano antes da proclamación da República, reunión que tivo lugar o 16 de Marzal de 1930. Alí, o republicanismo galego, deu a coñecer a súa vontade, de que a futura República fose federal, desíñando a Casares Quiroga, pra que trasmitira iste anexo galego aos demais sectores republicanos que no paito de San Sebastián, botaron as bases do que había de ser a segunda República Hespañola.

Pero a República non foi federal, senon federabel; que era o xeito con que un gran sector do republicanismo hespañol, esveaba un problema que non comprendía nin sentía, xa que compre recoñecer que, fora dos vascos, cataláns e galegos, mo poucos son os dirixentes do republicanismo hespañol que coñecen o verdadeiro problema das Nacionalidades Ibéricas, e a fundamental importancia que o mesmo ten pra outención e consolidación dun réxime de liberdade e democracia nas terras hispanas. A República non somentes non foi federal, senon que pra outer unha limitada autonomía, era mester que as dúas terceiras partes dos electores de cada rexión que aspirase a conquerila, votaran favorablemente un proieuto de Estatuto Autonomico e venceran toda cras de incomentes que se opuñan a tal ouxeto. No caso de Galiza, a traición que dos sentimentos federalistas dos galegos fixo Casares Quiroga i-a teima centralista e uni-

taria dos homes da República—que nisto non se diferenciaban ren dos da Monarquía—fixeron inda máis custosa a tramitación que antecedeu ao Plebiscito Autonomico. Pero a Galiza de 1936 non era a mesma dos tempos de Pardo de Cela. Isto, que viñase pondo de manifesto non somentes no despertar do espírito coleitivo do noso povo, tal coma amosaba a renacencia literaria, de senso fundamental galeguista, senon ademais e dende-entón, en canto acontecemento a vos auténtica da nosa patria poido facerse ouvir, sin que intervencións alleas desnaturalizaran os seus verdadeiros acentos, fixeron realidade o miragre d-aquel inesquencibel 28 de Xuño de 1936.

E, inda que Galiza sofre oxe baixo a tiranía do imperio da fame, a meirande escravitude da súa historia e as forzas da reacción cébanse con saña fera na súa cultura, na súa economía i-en total-as manifestacións da súa vida nacional; a nosa terra fortalecida pol-a door e purificada pol-a sangue de tantos mártires, xurdirá con pulos renovados de tanta opresión e tanta miseria moral e material, pra cumprir coa outa misión que o porvir lle reserva, cal é: asegurar nun dos eistremos da Península Ibérica un baluarte da liberdade e servir de norte ideal de confraternidade, achegando a Portugal os demais povos hispanos; cando elo aconteza haberáanse cumprido os degoiros dos bós galegos, dos que inda vivindo lonxe da patria, soñan e loitan por unha Galiza máis culta, máis felís, máis ceibe e máis galega que nunca.

AXEITADAS VERBAS DE ALONSO RÍOS NO AITO DO ANIVERSARIO DO PLEBISCITO GALEGO

Irmáns: Como veredes, eu veño matinando encol de dous conceutos que compre acrarar e fixar: o conceuto de nación e o conceuto de cultura.

Tanto no funeral cívico en homaxe á memoria de Castelao, como no aito da inauguración da súa estatua no Pazo Galego, eu deixei acrarado que a Nación é un feito natural, e que a cultura é o seu atributo esencial.

Fixen a afirmación de que, alí onde se atope unha cultura viva e diferenciada, alí está unha nación viva e diferenciada; e que iste é oxe o caso da Nación galega e da súa cultura. Nación galega cuías arelas de liberdade estames afirmando con este aito. Cultura galega que frorece e alumea a pesares das cadeas con que unha cultura allea aperta a ialma nacional galega, esforzándose en van por coutar o seu folgo e por afogala.

Oxe estamos a celebrare un novo aniversario do Plebiscito do Estatuto autonomico; de aquí Estatuto, que nos parece unha cousa ben lonxana e que soio ollamos coma un antecedente; mais de ningún xeito coma unha finalidade.

Foi unha amostra da vontade do noso povo, do povo galego, de escomezar a camiñar polo propio camiño. Mais o Estatuto non era o trazado dese camiño; era, sí, un empurrón para derrubar o armatoste do Estado hespañol e abrirse paso por entre os seus escombros.

Era unha arremetida—dentro das posibilidades constitucionales—escontra do centralismo e do uniformismo. Foi aquí o primeiro paso cara o curuto da nosa liberación nacional. E, como tal o temos de recordar e celebrar.

Pero as libertades que Galiza reclamaba, non poideron ser conqueridas. Unha mistura de forzas de reacionaria a cerril mentalidade, que asentou o seu poder no crime político, asola-

Celebración do Día de Galiza

Aito no Teatro La Máscara

Orgaizado pol-o Centro Ourense e Irmandade Galega, celebrouse o día 24 no mencionado teatro un belo i emotivo aito que contou con numeroso i escolleito público.

Aos acordes do Hino Galego, cantado coa súa maestría habitual pol-o coro do Centro Ourense "Terra Nosa", dou comenzo a función. Seguidamente, o mesmo coro fixo ouvir a alborada a catro voces "O sol da primavera", logo a canción de cuna "Cantarela", e como final da primeira parte, a melo-

día "¿Qué ten o mozo?", letra de Rosalía Castro.

A continuación, o segredario de Irmandade Galega, Ramón de Valenzuela, pronunciou unhas galanas i emocionadas verbas, que noutro lugar desta páxina temos o agrado de publicar, referentes ao Día de Galiza.

HOMAXE A CASTELAO

A segunda parte do festival foi toda ela adicada a enoutecer ao noso inmorrente guieiro e a refirmar a amizade vasco - ga-

lega.

O presidente do Centro Euskalzaleak, señor Benito Montoya, que escomenzou saudando en galego, fixo entrega ao segredario do Consello de Galiza, señor Antón Alonso Ríos, dun folleto contendo o derradeiro discurso de Castelao, tidoado "Alba de Grogia", traducido ao oúskara.

Fixo tamén uso da verba o delegado vasco, Sr. Pedro de Basaldúa, quen eisaltou o significado da adhesión dos vascos a festa, sinalando que é sempre grado celebrar a efemérides da Terra Galega, máisime facéndoo co espírito con que a había interpretado Alfonso R. Castelao, que nas súas obras literarias, nos seus dibuxos i en todos os seus pensamentos, logrou chegar ao máis enxebre de Galiza, á ialma da raza.

O presidente de Acción Nacionalista Vasca, Sr. Joaquín de Gamboa, pol-a súa parte, manifestou a complacencia con que os vascos atopábanse nunha festa galega, xunguidos fraternalmente nun aito de grandes proieccións espirituales; e ao referirse aos conxuntos de folklore vasco que aituaron despois, con aprausos entusiastas do público, sinalou a forza incombible do popular, mantido na súa pureza ao traveso dos séculos, porque é un legado moral.

Por último o Sr. Alonso Ríos, no nome do Consello de Galiza, agradeceu efusivamente aos amigos vascos o xesto pleo de cariño e cordialidade ao lembrar e honrar a memoria do noso gran Castelao nun aito que sela o afeito que eixiste entre vascos e galegos. En lugar aparte insertamos estas emotivas verbas.

Finalmente o coro "Terra Nosa", que tan acertadamente dirixe o maestro Isidro B. Máiztegui, interpretou, como sempre, "Romaxe", "Cazón de Berce", "Canto de Maio" e "Romance de dona Alda" (século XVI, que por primeira vez se cantaba en Bós Aires).

Homaxe a Castelao

O día 29 de xullo, o Centro Pontevedrés rendeu un sentido homaxe á memoria do grande patriota e socio honorario daquel Centro, o noso inesquecible amigo e mestre.

Con este homaxe, honraron os pontevedreses ao home que encarnou como ningún outro o espírito da nosa raza.

No panteón que o Centro Galego posúe na Chacarita, onde se gardan os seus restos foi colocada unha palma pol-os dirixentes da citada entidade o día sinalado.

O mesmo día, ás 16 horas, os asociados do Centro, presididos pol-a Comisión Directiva, colocaron unha coroa de froles ao pé da estatua do inmorrente guieiro erixida no seu recreo social "Pazo Galego".

Felicítamos ao Centro Pontevedrés pol-a súa iniciativa.

Elocuentes verbas pronunciadas pol-o segredario do Consello de Galiza, Sr. Alonso Ríos, no aito en homaxe a Castelao no teatro "La Máscara"

Siñor delegado do Goberno vasco. Siñor presidente de Euskalzaleak. Siñor presidente de Acción Vasca:

Como segredario do Consello de Galiza, teño de agradecer esta vosa ofrenda á Nación Galega. Certamente, ilo prodúceme a meirande satisfacción.

Quero recordar que, a primeira referencia diste homaxe chegou ao Consello de Galiza nunha emotiva nota de Euskalzaleak, nota escrita no idioma galego e firmada pol-o siñor Miguel de Zárate.

O siñor Zárate é un admirador —use me atrevería a decir—, un afervoadado devoto do noso grande guieiro, Castelao. II, e mail-a súa dona, visitan case a cotío aquí santuario da Patria galega, onde a nosa santiña, dona Virxinia Pereira de Castelao, a compañeira leal e o discípulo número un, oficia de gardián permanente daquelas reliquias venerandas e de sacerdotisa do culto perenne nos corazóns galegos, máis que nas serás de cada sábado, cando imos a facelo ostensibel os albaceas do testamento político do mestre.

E ilo fame sospeitar que non se debería a mera casualidade o feito de chegarnos a comunicación de Euskalzaleak, firmada pol-o siñor Zárate, pois atopo natural asociar as circunstancias apuntadas a iste aito que vamos a reaizar.

Agora ben; iste aito voso, queridos irmáns vascos, chega á nosa ialma facéndonos tremar de emoción. Nós ollamos, nós sentimos o agarimo con que a fala vasca recolle docemente o pensamento e o sentimento galegos, contidos nas verbas do noso Mestre. Vós trocástedes a vosa fala nunha casa d-ouro pra dar hospitalidade ao noso espírito. Vós fixéstedes do idioma vasco un cális sagro pra recoller nil e abendizozar a renacencia da Patria galega, pregoada no discurso "Alba de Grogia".

E, con ilo, vós arrodeádesnos, insumídesnos nun sentimento de cordialidade, ben fondo e ben delicado. Un sentimento que non ficará endexamáis cumpridamente agradecido.

Mais ista cordialidade, con ser de tan outa calidade, non é, ao meu ver, o valor esencial e máis outo da vosa ofrenda.

Vós pensástedes, irmáns vascos, que tanto a Nación galega, como a Nación vasca, sofren escravitude no corpo i escravitude na ialma, que aínda é ben pior que a do corpo. Vós ollástedes que a camisa de forza dunha cultura allea, couta, aperta i esfórzase por afogar a vida espiritual do povo vasco. Vós sentides e compartides o esforzo que entramos povos, galego e vasco, están a facer por encheles de alento e poder crebar as cadeas que os apreixan, pra que a ialma galega e a ialma vasca poidan voar ceibes o voo da propia cultura, o voo da cultura galega e o voo da cultura vasca.

E, diste conxunto de circunstancias parellas, xurde un ideal común, que pide, que eisixe, que impón unha acción solidaria entre galegos e vascos.

Por iso, irmáns vascos, o Consello de Galiza entende que, nista cordial ofrenda da Nación vasca, á Nación galega, envolto no agarimo da cordialidade, ven un paito de solidariedade entre galegos e vascos, pra defensa do común ideal. Solidariedade que iste Consello propiciou de cote e que, oxe, moi compracido, suscribe. Irmáns vascos, moitas grazas.

Aituación do Coro Terra Nosa

Brilante en eistremo foi a situación do coro do Centro Ourense, TERRA NOSA, durante as festas celebradas na semana galega, lembrando o Día de Galiza.

Entre todos os festivos a onde concurren, cabe destacar o realizado no teatro La Máscara, a audición radial do mesmo día 25, transmitida por RADIO EL MUNDO e o concerto dado o 26 na Asociación Cristiana de Xóvenes.

Este último, sobor de todo, constitúe un verdadeiro acontecemento artístico, que fixo coñecer aos argentinos a beleza das nosas melodías populares.

Ao éxito deste artístico concerto contribúe coa maior eficacia o Dr. Xosé Núñez Búa, quen dou unha notabel conferencia no mesmo aito a propósito da música popular galega.

O Dr. Núñez Búa, coa emoción que acusa o seu fondo galeguista e coa gracia de verba que rezoza nos seus beizos cando fala, fíxonos pasar un rato de embeleso ao evocar aqueles alalás, pandeiradas e cancións que soan en romerías, corredoiras e fiadas, como eispresión do espírito de mariñeiros e campesiños que robe ao ceo en ofrenda de amor. A nosa Terra, a nosa verde Galiza, cos sus vals, as súas rías e os seus montes xurdía na nosa mente ao escoitar a máxia das verbas do Dr. Núñez Búa.

Felicítamos sinxelamente ao coro Terra Nosa e ao Dr. Xosé Núñez Búa, que nos fixeron pasar uns momentos de encanto coa imaxinación posta en Galiza.

SENTIDAS VERBAS PRONNCIADAS POR RAMON VALENZUELA O 24 DE XULLO NO AITO DO TEATRO "LA MASCARA"

SINFONIA EN CATRO TEMPOS

Sr. Segredario do Consello de Galiza. Sres. Delegados Vascos. Miñas donas e meus Señores:

Toda a nosa Terra Nai volve outra vegada a estar de festa. Volve outra vegada unha Alba de Grogia coma aquela que xa fai anos cantou o noso Guieiro.

GALIZA TORNA A ESTAR ENVOLTA NO SEU PASADO i érguense cara o ceo as espadañas das eirexas campesias presididas pol-as torres lanzales da catedral de Santiago.

Erguense cara o ceo todos os castros céltigos milenarios, presididos tamén pol-a prestanza ergueita do Pico Sagro.

E FESTA NA TERRA, E FESTA NA PATRIA. O labrador non sega o centeo. O mariñeiro arría as velas da dorna. As fábricas non fomegan pra deixar no ceo sitio ao fume das casas aldeáns que cocen as talladas e asan as sardiñas do xantar da festa.

A mocidade avíase pra ir aos centos de ruadas nos centos das aldeas, locindo traxes e degoiros novos.

MILES DE ALMAS ENCARANSE A COMPOSTELA pra render homaxe á un santo lonxano que en outro tempo andaba a padricar, espido e descalzo, grogia a Deus nas outuras e paz na Terra aos homes de boa vontade.

Unha sinfonía de amor no Día de Galiza.

EVOCAMOS OS TEMPOS EN QUE GALIZA ERA principio e fin do mundo oucidental, dende o lexendario Breogán aos outros de Prisciliano e Xelmírez, o Xelmírez alentador de románico e da poesía de troveiros e xuglares aínda que destructor de moita outra grandeza. Evocamos aquela baruda loita dos irmandiños que vai in crescendo pra que remate con Pardo de Cela a primeira parte da nosa Historia Nacional.

EVOCAMOS TAMEN HOXE NA NOSA TERRA AOS NOSOS PRECURSORES, que recolleron das esenciaes esquecidas do noso chan, poseía e sentimento, pra nos erguer a todos en demanda de amor e de liberdade, que comenza pol-o estridente berro de un poeta que apértanos a todos en un feixe espiritual, lanza unha orde lapidaria:

"Cantai galegos o inno xigante". Dos povos libres, dos povos grandes".

...Mais aquí remata outra parte da sinfonía da nosa Historia, cando Rosalía, a Santiña do Padrón, entoa chorando aquel canto morno e tristeiro da Negra Sombra.

Entramos agora en outra parte da nosa sinfonía. En outra época da nosa Historia. E a época representada pol-a vida e obra de Castelao, que semella coma se estivera deitado ao longo de toda Galiza e acochara entre os seus brazos o pasado, o presente e o futuro.

EL VAI AGORA AO FRENTE DE TODA ESA SANTA COMPAÑA, QUE TAN BEN DIBUXOU, por entre os vals e atravesando regueiros coma pelengrín a Compostela, e prendidos do seu corazón, leva aqueles seus amigos da alma, aqueles mártires que él mesmo dixo que serán santos cando a nosa Terra sexa nosa.

Máis a sinfonía aínda non se rematou. Non se rematou, porque a parte final ten de ser de apoteosis. Está escrito.

OS NOSOS POETAS cantan innos xigantes coma noutro, erguendo a nosa lingua, de novo, a categoría universal que onte tivo.

OS NOSOS SABIOS traballan na cultura e na cencia pra nos engrandecer.

OS NOSOS MUSICOS recollen e crean os eternos aires dos pórticos e das carballeiras.

OS NOSOS PINTORES dan luz e vida a ideas e sentimentos. TODOS XUNTOS andan fortes e sinxelos este camiño do espírito da nosa Patria, imponendo un maravilloso século de ouro ás nosas letras e do noso arte.

E nós, irmáns, nós todos estamos presentes tamén, porque tamén está escrito. Tamén está escrito que os galegos que andamos pol-o mundo, seremos a reserva moral da nosa Terra oballada e vendida.

Comunicado da Irmandade Galega

CONVOCATORIA

Distinto irmán:

Cumprindo coas normas e costumes dos derradeiros anos, esta Comisión Directiva ten o agrado de convocar a vostedes a Asamblea Xeral ordinaria que terá de se celebrar o día 10 de agosto próximo, ás 21 horas no noso local social, rúa Belgrano 2186.

ORDE DO DIA:

- 1o. — Designación de un irmán pra presidir a Asamblea e dous máis pra firmar a acta.
 - 2o. — Consideración da memoria e balance.
 - 3o. — Elección das novas autoridades da Irmandade.
 - 4o. — Varios.
- Pregámoslle con todo intrés que non deixe de concurrir a dita Asamblea, así como a puntualidade posible.
- Saudámolo coa maior consideración.

RAMON DE VALENZUELA
Vocal en exercicio da Presidencia

XOSE B. ABRAIRA
Segretario Xeral

MEMORIA DO EXERCICIO 1950-1951

Benqueridos irmáns:

A seguido poñemos á vosa consideración a Memoria do exercicio 1950-51 en que a nosa Irmandade Galega segue a súa laboureira de todos os anos, baseada sempre no ben de Galiza e seguindo as ensinanzas e mandados de Castelao. Foi este ano de moito esforzo e continuado traballo, non sómente no que toca ao realizado por esta Comisión Directiva, senon polo que, de xeito persoal, levaron a cabo os irmáns encadrados en outras organizacións, en onde foron medrando as ideas galeguistas e van transcendendo a nosa grande e numerosa colectividade.

GALEGUISMO

A laboureira constante que desde fai tantos anos se ven realizando, está atopando os froitos, tanto no senso cultural coma no político e patriótico, vaise xa imponendo a forza da nosa idea e a forza da nosa conduta. Os irmáns dan a entender que en calquera sitio tempo se pode servir á Terra. Así o prestixio da nosa Patria vai medrando cada vez máis en esta nación Arxentina, e o respecto á nosa Irmandade vaise impondo entre toda a xente galega.

LABOURA CULTURAL

Como sempre foi esta a nosa meirande preocupación, xa que coídamos que é no espírito onde han de anixar as máis puras esencia da nosa Terra, e que o erguemento da dignidade dos galegos, ha de lograr co coñecemento das súas cousas, pra que poidan estimálas.

E o camiño longo e de constante trafego, máis é seguro e firme. Non procuramos atallos; procuramos asentamento e estabilidade.

Nesta ceifa, máis que nada, preocupounos que todos souperan, ben craramente cal e como é o noso pensamento encol de Galiza, e de que xeito a ela temos de chegar, pra que cantos se queiran enrolar nos traballos desta Irmandade, en tren con toda eraridade nas nosas laboureas. Estas foron as razóns que nos moveron a eistendernos e poñemos a disposición das sociedades galegas e diversos centros, aos que procuramos prestar todo canto concurso nos foi posible.

Seria moi longo numerar as actividades societarias nas que os irmáns tomaron parte. Poderíamos, ademais, caer en omisións, mais seríamos inxustos se entre as moitas sociedades irmáns non destacáramos aos centros Ourenseño, Corcubión, Pontevedrés, Coruña e Betanzos, Federación de Sociedades Galegas e Centro Galego de Buenos Aires, pois todos estes esforzaronse estraordinariamente en dar aos seus aitos unha outa xerarquía e un fondo senso patriótico.

PUBLICACIONES

O número estraordinario de A NOSA TERRA que xa a Comisión Directiva anterior tiña preparado, mereceu os mellores eloxios en todos os cantos sitios a onde se man-

dou. Foi espallado por todas as latitudes, e aínda sigue sendo, incluso a certas partes de Galiza.

Os números ordinarios, están saíndo, desde o primeiro aniversario do pasamento do Guieiro, de un xeito regular, todos con oito páxinas, non sendo o que comenta os aitos do citado aniversario, que constou de dazaseis. Coídamos poder afirmar que o dito da Irmandade está causando unha inmejorable impresión no terreo periódico e acadando grandes froitos no político e patriótico, gracias ao esforzo dos irmáns que interveñen con tanta constancia na súa redacción e compostura.

O folleto "Agromar" en cujas páxinas se relatan eistensamente as actividades da Irmandade Galega de Bós Aires, composto polo noso Segretario de Aitas, D. Avellino Díaz estase espallando ás dúas relacións de galegos de todos os países e a onde se pode da nosa Terra.

RELACIONES

Na Arxentina, forma esta Irmandade parte da Comisión Intersocietaria pra conmemorar as datas galegas, e mantemos boa relación con outras sociedades que por diversas causas non encadran dentro da dita Comisión. Sostemos estreita relación con todas as Irmandades Galegas de varios países do continente Americano, así como outras entidades galegas diversas.

Politicamente, estamos encadra-

dos dentro da órbita do Consello de Galiza a quen reconecemos como autoridade máisima da nosa Terra. Polo tanto son cordiaes as nosas relacións co Goberno da República Española e co Goberno dos países Vasco e Catalán.

AFILLADOS NOVOS

Doenous algun falecemento e sentimos algunha ausencia do país de varios irmáns, en troques temos que nos aledar de como a nosa entidade vai medrando cada vez máis, e como se achegan a nós novos irmáns que a veñen a fortalecer co seu espírito de traballo e o seu amor á Terra. Non se trata sómente de novos valores que fai pouco chegaron de Galiza, ben dispostos pra seguir vivindo en ela co pensamento senon tamen de homes que xa longo tempo veñen loitando en esta colectividade de Bós Aires, incluso ocupando cárgos de representación en entidades de prestixio. A todos eles enviamos unha aperta de fonda irmandade.

FINIDA

Fican sin espoñer en esta Memoria unha grande cantidade de laboureas galeguistas levadas a cabo por esta colectividade, mais que non foron realizadas por esta Irmandade Galega como tal entidade. A Editorial "Nós", o Seminario de Estudos Galegos, O Patronato da Cultura Galega, a prensa galega que está saíndo acotío, as

Fogar Galego para Ancianos

Esta prestixiosa e benéfica sociedade, que está facendo unha estimabel laboureira en favor dos vellos desvalidos, paisanos nosos, que non souperon ou non tiveron a sorte de facerense dun siquera modesto pasar para os derradeiros días da súa vida, en Asamblea Xeral celebrada o 28 de Xullo, nomeou as novas autoridades para o período de 1951 a 1952. Elas son:

Presidente, D. Jacobo André; Vicepresidente, Dr. Ramón Rey Baltar; Segretario, D. Bernardo González; Vice-segretario, D. Francisco Calvo; Tesoureiro, D. Horacio Bermúdez Abente; Viceteseoureiro, D. Angel M. Corral; Segretario de Propaganda, D. Manuel Mellid. Vocaes: Don Francisco Blanco, D. Rafael Pérez Pardo, D. Isidoro Torrado, D. Erasmo Alén, D. Ramón Martínez. Revisores de Contas: D. Eladio Maya, D. Santiago González, D. Miguel Portela.

E un deber patriótico colaborar con esta entidade, que tan meritoria obra realiza na nosa colectividade.

agrupacións corales, as bandas de gaiteros, publicacións de libros, concursos literarios, eistposicións de arte, etc. etc.

Pregamos a todos os irmáns que sexan indulxentes diante das moitas cousas que nos quedaron por facer, e desexámoslle que neste andar polo mundo alumee o seu corazón o lume de Galiza.

XOSE B. ABRAIRA
Vocal en exercicio da Presidencia

RAMON DE VALENZUELA
Segretario Xeral

CANTARES

*Teño de subir, subir,
que do alto vezo ben
pra mirar os meus amores
si me falan con alguén.*

*O amor cando pretende
anda con firme cuidado,
despóis de facer a súa
fai o papel de olvidada*

*Beilache, beilache,
beilache, beilei
na casa do cura,
que eu ben te mirei.*

*Rapariguña do gando
que herba lle botas ao pel
—Bótalle unha herba do mu
que lle chaman tremeteli*

*Cálate, vaite calando,
cara de sardiña cruda,
que parece o meu porco
cando come a lavadura.*

*Décheme unha pera parde
toda rillada dos ratos;
a quen lle deche os cariños
dalle tamén os abrazos.*

*'Asubiasme de lonxe
como can que anda perdida
eu non son muller de casa
que entenda por asobío.*

*Os homiños que hai agora
son poucos e valen menos;
vai o cento a catro cartos
como os xurelos pequenos.*

*A miña muller é vella,
de vella non pode andar,
heina de levar ao monte
i heina de deixar quedar.*

A Eistposición de Pintura do C. Galego

por
SANTIAGO LALIN

Culminando a celebración das festas do Día de Galiza, inaugurouse unha eistposición na Galería Velázquez, desta Capital, na que tomaron parte seis pintores e un escultor da nosa Terra.

No renacer, mellor dito, no despertar da cultura galega, quizais sexa a pintura unha das manifestacións que vai tomando máis pulo e emprendendo un camiño máis firme de outa significación. Esta eistposición que comentamos, é unha mostra cabal, aínda que non completa, deste renacer pictórico, e pon de releve as dotes artísticas do noso país que, se tardaron tanto en dar os froitos desexados, debido a hexemonía cultural e espírito que Galiza ven padecendo de fai catro séculos, arrinca agora con enerxía e vigor de povo novo e vigoroso.

Non hai dúbida que co esperar da nosa conciencia nacional, Galiza vai recuperando as súas esencia, e tampouco hai dúbida que esta volta as súas esencia vai creando e afirmando esa conciencia nacional. E a ósmosis entre o artista e o povo que, consustanciados, van xermolando a frol peculiar que Galiza ofrece aos povos do mundo.

O escultor Failde Gago foi

Xantar a Gerardo M. Díaz

O vello loitador pol-a causa democrática, segretario da Federación de Sociedades Galegas, Sr. Gerardo M. Díaz, será agasallado o domingo 12 de agosto, no propio local da entidade, cun xantar que supoñemos sen ver a moi concurrido pol-as amizades que soupo atrager o homaxeado.

A NOSA TERRA deséxalle moitas felicidades e fai votos por que o éisito coroe os seus esforzos.

longamente gabado pol-os críticos e gostado pol-os entendidos. Failde ten tras de sí toda unha tradición, verdadeiramente galega no arte do granito, posiblemente a manifestación artística en que Galiza persisteu máis a traveso dos tempos, antes e despóis do mestre Mateo. E unha dinna mostra da nosa escultura moderna, emparentada ben perto coas novas correntes europeas, sen deixar de ser do xeito galego tradicional, de rica historia. E mester decir que Failde non é o único representante que en este arte poidera eisibir a nosa Terra, mais si unha das figuras principais.

Os pintores atópanse en situación máis difícil, por canto a pintura galega, deica este renacer, atopábase sometida á pintura hespañola, e nada deica ao paisaxe e á alma do noso país. Velahí están os pintores do século pasado e principios deste, que suman unhas cantas ducias, pra corroborar esta afirmación. Así, estes homes, sen ter unha tradición pictórica en que se apoiar, son eistraordinarios creadores que captan a fisonomía telúrica e humán, con fina sensibilidade, da Terra, aínda sen descubrir neste aspecto. Como no caso da escultura, compre afirmar que ésta non é unha eistposición nin moito menos total da pintura galega desta hora, xa que poderíamos engadir nomes por certo moi representativos. Non embargantes, son dabondo como manifestación peculiar do noso ser artístico e coídamos que así o han de ollar os entendidos porteños. Pra nós ten o outo significado de que a pintura galega vai andando o camiño do trunfo.

Laxeiro é un poeta da pintura, que nos conmove; amóstranos a súa fecunda imaxina-

ción, ligada a un dominio das formas e cores verdadeiramente sorprendente. Pesqueira na súa ausoluta orixinalidade, é un dos que máis foi gabado pol-a crítica na súa composición e dozura de temas e eór fondamente galegos. Maside, como un mestre dono dunha técnica perfecta e que terá sen dúbida grande influencia na pintura do noso país. Díaz Pardo, un rapaz novo, de pensamento atrevido nos temas, apunta posibilidades de gran pintor. Prego de Oliver é máis variado na súa obra, na que, ás veces, pódense ollar intrés de grande calidade. En troques Xulia Minguillón é unha pintora lene, de liñas tradicionais, que ben poidera encaixar na pintura clásica hespañola.

Agradecemos de verdade a este fato de homes que non sómente nos viñeron a traer estas esencia tan vivas da Patria, senon que viñeron a colocar o nome artístico de Galiza no logar que lle corresponde, como povo superdotado pol-as eispresións eternas do espírito.

CELTA

UNHA CASA INTEIRAMENTE GALEGA

XASTRERIA DE MEDIDA

CONFEICIONS — CAMISAS — XAPEUS

CRABATAS, etc.

Fco. LACROZE 4086

O Centro Galego Celebra o Día de Galiza no Cine-T. Broadway

Co aito celebrado no Cine-Teatro Broadway pol-o Centro Galego o 23 de Xullo, escomenzaron os festexos con que o dito Centro inaugurou a Semán de Galiza, que é xa tradicional desde fai algúns anos na nosa colectividade.

O presidente do Centro, señor Xavier Vázquez Iglesias, ao referirse, nas verbas pronunciadas ao feito, á sinificación do Día de Galiza, fixoo con estes outros conceptos:

"A data histórica que conmemoramos sinala o intre no que a nosa cidade de Compostela recibiu os restos do apóstolo Sant Iago e convértese nunha das grandes capitales da cristiandade, á que acoden, en piedosas peregrinacións, creentes de todas partes. I é nesta cidade tamén onde chega ao seu maior florecemento a cultura da nosa raza, constituíndose así Compostela, non soio no Centro que irradia a fe e o Evanxeo,

sinon na capital espiroal onde a cultura galega acadou o seu maior esplendor nas súas múltiples manifestacións.

"Esta conmemoración, que fora de carácter esencialmente relixioso, por obra dos emigrados galegos residentes na América, cambiou a súa sinificación orixinal, convertíndose no Día de Galiza, o día no que todos nós, coa alma emocionada e chea de saudade, xunguimónos para evocar a Terra lonxana. E, en tanto que os de alá dirixense a Compostela con fervor de creentes ou en afirmación patriótica, nós, os emigrados, congregámonos aquí, xunguidos todos en irmandade, cun soio sentimento: o amor a Galiza."

Acalados os aprausos con que foron recibidas as verbas do señor Vázquez Iglesias, resoaron novamente cando se dou leitura á nómina de premiados nos concursos orgaizados pol-a institución e correspondentes ao

ano 1950.

O primeiro premio, de 2.000 pesos, para obras escritas en galego, foi otorgado ao Sr. Manuel Cuña Novas, autor de "Fabulario Novo"; o segundo, de \$ 500.— a "Diante do final", do señor Ramón González Alegre - Balgoma. O primeiro premio, de \$ 2.000 para obras escritas en castelán, a "Ensayos sobre Galicia", de Emilio González López; o segundo de pesos 500.—, a "Lírica gallega", de Aurora Vidal Martínez. O premio Centro Galego, de 100.— pesos, ao traballo "El tercio de gallegos en las invasiones inglesas", de Enrique Hugo Ventura, alumno do Colexio Nazional de Bós Aires.

No concurso fotográfico, o primeiro premio foille adxudicado a "Faenas campestres en Villalba, Lugo", do Sr. Alberto Martí Villardefrancos; o segundo a "Playar (Combarro)", do Sr. José Delgado Fernández; o

terceiro, a "San Pedro de Nós (Coruña)", do mesmo que levou o primeiro, e unha mención especial para a fotografía tíduada "Grupo infantil, miradas sorprendidas".

A continuación houbo un concerto a cárrago da Asociación do Profesorado Orquestal, que dirixido pol-o maestro Jaime Pahissa, executou con certas interpretacións, trasmitindo a súa emotiva beleza, o poema sinfónico "El Pórtico de la Gloria" e "Suite Galaica", obras premiadas pol-o Centro Galego.

Na segunda parte do festival os coros Rosalía de Castro e Os Rumorosos cantaron o Hino Galego, que contén a malencolía e ao mesmo tempo, a forza de Galiza, na evocación do mar e do vento, dándolle vigor á raza, que vela antre os piñares as súas tradicións e o seu destino.

O poeta Xavier Bóveda falou logo do povo labrego e mari-

neiro, costante na súa labourea campesia que coroa co aturuxo, o vibrante berro que proieita cara o ceo o xúbilo da romería, e soñador desperto de fecundas aventuras mariñeiras. Falou o poeta con fonda emoción da súa Terra, terra doce de ver e amar; e ao profundizar no análisis dese amor, puxo de releve que o galego non dí "Raza, a nosa, senon, con emociados acentos, "Terra, a nosa". Evocou a historia de Galiza, os orixes da cultura galega; e ao referirse a Compostela, ao prodixioso contido idealista da milenaria cidade, dixo que a terra que onte era encrucillada de misterios, era agora maravillosa eispresión dun milagre e dunha eistratordia forza creadora, que se propaga pol-o mundo en nobres eispresións, en fértiles testimoños de vigor físico é espiroal da estirpe.

Despóis dos aprausos que eispresaron a emoción do auditorio, soou a gaita: os gaiteiros de Dopazo tocaron a "Alborada", o canto do amanecer, o despertar dos vales, da vida nas corredoiras, nos acantilados e nas rías, e logo, como fiñal de festa, a vibrante romería, coa graciosa e ao par solene muiñeira, danza onde a raza eispresión a súa precisión de liñas, a súa ironía e cortesía, o seu humor e a súa seriedade.

Discurso de Avelino Diaz no Aito Inaugural da Exposición de Domingo Maza

Donas, irmáns e amigos persentes:

Como primeiro aito, como inicial d-esta Semán Galega que, en homaxe ao espírito inmorrante da patria, organizaron o "Centro Orensano" i-a "Irmandade Galega", realízase o abremento d-esta exposición de obras esculturas d-un gran artista galego, d-un dileuto irmán noso que, sendo, coma quen di, un maiorazo dos deuses, ten a virtude subrime de donar vida ás cousas inanimadas e facer que elas sexan eispresión acabada do arte e tamén do espírito, racialmente galego, que lateza no ser do artista que, dendes da lonxanía de tempo i-espacio, ten presente sempre á terra na que viu a primeira raiola de luz. Nada máis xusto e ningunha enerxía mellor empregada que a xusticia i-a enerxía postas de manifesto n-este aito pol-as entidades nomeadas, ao levar a cabo esta exposición porque ela sinifica, ademais de benquerencia, que se lle ten ao artista, o recoñecemento dos sus méritos como tal, o desexo de que seia gustada pol-os extraños e pol-as nosas xentes a obra mañica que sae das súas mans feita vida e verdade deslumante, con proiecións de eternidade. Nada máis xusto nin merescen-te de loubanza que o patrocínio d-esta exposición, n-estas horas pleas de sentimento galego en que a nosa colectividade, aferroada de patrióticas inqueidanzas, fai refruir a súa espiritualidade i-o seu amor deic-a Galiza inmorrante, en lembranza das súas inmorrdeiras virtudes..

Non entra, por certo, nos meus desexos d-este intre, nin é o propósito das entidades orgaizadoras, o facer eiqui unha presentación do noso grande artista, pois elo sería tanto como persentarnos a un home que xa está persentado, porque donde queira que él vaia, donde queira que se amostra a súa obra, Domingo Maza, é ben coñecido, xa que no ambiente artístico d-este país, e no seo da nosa colectividade, foi sempre, e sigue sendo, considerado como un dos máis esgrevios escultores, como artífice da beleza, como un señor dono da gracia, d-esa gracia que a Natureza sementes pon nas mans d-unhos poucos escolleitos, pra que eles a trasmitan aos demais seres, arumada pol-o don diviño e feita raiola de luz.

Domingo Maza xa fixo ducias e ducias d-exposiciós Jas suas obras e xa ten conquerida sona e fama de gran artista e, n-este senso, unha exposición máis, pouco pode representar pra ele/ pro, n-este aito, n-este abrente da Semán Galega, hai algo máis que o feito de expoñer unha obra artística; hai o feito de que, sendo Maza un artista tan noso, tan galego, un novo ensino das súas obras, dónalles xerarquia aos demais aitos a realizar pol-a nosa colectividade. Domingo Maza, como home e como artista, exprésase en galego, con fondo senso racial, con esquisita sensibilidade patriana, con unha obra que xa acadou o meirande creto e que dí craramente que o artista, sin deixar de ser universal, é fondamente galego, que a súa obra expresa rotundamente a existencia dun arte galego e, pol-o tanto, que eixistindo un arte galego, eixiste un povo, unha raza, unha nacionalidade difrenciada, unha personalidade ben definida i-acusa

da, no concerto das comunidades humáns. Eis a obra de Domingo Maza; eis un arte noso e, n-él, a manifestación da eixistencia de todo aquilo que findo de nomear, porque Maza, coa súa labourea artística, da fe, da realidade vivente de todas as virtudes galegas que ele ten dentro de sí, como unha gracia dos deuses e tamén como unha gracia da terra en que foi nado.

Ele sabe de todos os segredos pra donar vida latezante a unha madeira, ou bronz, ou mármore i-a todas as materias suscetibels de ser convertidas en obra de arte, perenne, duradeira, endereitada ao conquerimento das outuras prósimas aos solios das divindades ispiradoras. Non é cousa miña o xulgar as obras de Maza, d-endo o punto de vista artístico pol-a miña falla de capacidade pra elo; fíque eso pra homes de máis craro entendemento, pois eu son un profano; mais, si, como profano quixera eu facer unha eiséxesis da obra de Maza, diría tan sementes que abonda a simple contemplación d-esas tallas pra que os espíritos se sintan en posesión d-un ledizoso acougo e pra que as almas voen pleas de felicidade, satisfeitas de ter gozado a persencia da subrime beleza, que trasunta a espiritualidade do artista i-a conceución que ele ten do arte, en fondura i-en expresividade.

Domingo Maza entra pol-a porta ancha de todos os centros artísticos d-este país, ele dialoga con todos os grandes artífices da escultura e da pintura; ele é ben querido por todos os seus colegas arxentinos; ten un nome ben acreitado nos ámbitos que, con xusticia, poden chamarse tempos das artes, eiqui na Arxentina; na Galiza ténselle considerado como un fillo dileuto i-un escultor de outisima xerarquia. E Domingo Maza percibe sempre, n-esta nosa colectividade, o latezar do noso fraterno amor e da consideración que se lle ten, como home, como artista e como galego; ele entra sempre pol-a porta grande dos nosos corazóns.

Eiqui, donde aleteza o espírito do inmorrante Castelao, n-este casal do Centro Orensano, que é un casal galego no que convivimos milleiros de galegos; eiqui, n-esta nova exposición das súas obras, poderemos nós preguntar primeiro, e regustar despóis, a beleza maxestosa das súas esculturas que nos traen reminiscencias antergas, sentimento de patria e de raza, con voces ancestrales e telúricas que, xurdindo da terra patria, chegan a nós ao traveso do espírito lumioso do artista, d-este artista tan noso e tan querido por nós, que euasemente poderíamos decir que, ademais de sel-o en espírito, tamén é, materialmente, carne da nosa carne e sangue da nosa sangue. Ehi están as efixies dos nosos patrianos, ehi temos todo ese tesouro de gracia e de beleza, pra aledarnos con él. Ehi temos as criaturas e o seu creador. Gocemos coa persencia d-aquelas e coa proximidade do artista, "maiorazo de Deus e dileuto irmán noso". E que ele se goce, sabéndose rodeado da nosa benquerencia e teña a satisfacción de engadir un novo loureiro aos moitos que xa ten colleitados no seu proficuo e longo camiñar pol-os vieiros do arte

Xantar no Centro Ourensán

Aderíndose á data do Día de Galiza, o Centro Ourensán e a Irmandade Galega orgaizaron o día 22 unha festa que coincideu, á súa vez, co décimo aniversario da súa fundación. Consistiu nun xantar, ao que asistiron moitos comensales e representacións de total-as institucións da colectividade.

Aos postres faláron o presidente da institución, D. Alfonso Fernández Prol e segredario do Consello de Galiza e diputado galego, Antón Alonso Ríos, cuos conceptos foron moi festexados.

Na Federación de Sociedades Gallegas

Antre os aitos realizados con motivo do Día de Galiza pol-a nosa colectividade, é dino de mención o que se celebrou o 25 pol-a Federación de Sociedades Gallegas.

Tras unhas verbas do irmán Ucha, pronunciadas en galego e con sinxela emoción patriótica, desenrolouse un programa musical que estivo a cárrago da banda sinfónica, que con tanto acerto dirixe o mestre Juan José Pazos e o coro "Rosalía de Castro", que o mestre Maceira tan atinadamente dirixe. Ao fiñal, o conxunto de gaitas de Dámaso Gómez, coa parexa de bailes Maceira, fixeron as delicias dos concurrentes.

Vaia o noso aprauso para os orgaizadores dunha festa esencialmente galega.

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

1. Galiza, unidade cultural.
2. Galiza, povo autónomo.
3. Galiza, comunidade cooperativa.
4. Galiza, célula de universalidade.

A NOSTRA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos,
forxá, forxade grillos
Pode oprimir o ferro
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres ideas
E gloriosos instintos...
Esas... non pode non o duro
ferro,
Nin a morte extinguilos.

EDOARDO PONDAL

Año XXXIII — Núm. 480

BOS AIRES, XULLO DE 1951

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Encol do Estatuto Galego

¿Por qué as rexións que queiran vivir en réxime de autonomía se lles impón a obriga constitucional de votaren primeiramente o seu Estatuto? ¿Non abundaría con que un povo dixese se quer ou non quer ser autónomo? Se o povo hespañol se vise obrigado a referendar a Lei fundamental da República antes de derrumbar a monarquía, ¿teríase producido aquel clamoroso entusiasmo do 14 de abril? ¿Estaríamos seguros de contar cos dous tercios do corpo electoral de toda Hespaña, n-un plebiscito do povo hespañol, a favor da Constitución vixente?

O povo somentes dixo que quería unha República; pero non emiteu diréitamente o seu voto a prol da Constitución. Derrubou a monarquía e proclamou a República, antes de unificar ou coordinar as aspiracións políticas e sociais dos diferentes seitores. Dispóis elixen os deputados que debían redactaren a Lei fundamental do novo réxime. Cada seitor de opinión impuso aos seus representantes a obriga de defender nas Cortes un tipo determinado de República. E sabemos ben que no acto de promulgarse a Constitución non todol-os deputados a votaron, nin todol-os deputados que a votamos estábamos satisfeitos. Pois ben; as rexións que quixesen vivir en réxime de autonomía deberían proceder d-un modo semellante a como procedeu o povo hespañol para establecer a República, pois non é o mesmo votar en pró d-un réxime que votar a Lei que o regule. Ben estaría eisixir unha manifestación indubidable da vontade popular para que as Cortes da República recoñecesen o dereito das rexións; pero dispóis o seu Estatuto debería ser obra exclusiva do Poder autónomo, aínda que se sometese a referendun, ao ensamen do Tribunal de Garantías constitucionaes, ou das mesmas Cortes.

Os precedentes de Cataluña — semellantes aos da propia República — non podían servir de base para dictar preceptos xeneraes, porque as demais rexións non estaban no mesmo caso. Cataluña xa era autónoma

ma e dispoñía d-un Poder lexítimo — formado paralelamente ao Poder da República — cando confeccionou e plebiscitou o seu Estatuto.

A Constitución ten aparencias de xenerosidade; pero non é xenerosa. E os seus intérpretes e compridores non fixeron máis que acumular obstáculos, especialmente contra Galiza.

A condición de que o Estatuto autonómico teña de ser aceptado pol-as dúas terceiras partes do corpo electoral da rexión, é d-unha inxusticia e desigualdade manifestadas. Se o número de votos favorables se relacionase co número de votantes, en vez de relacionalo cos electores, podería eisixirse, inclusive, un porcentaxe de votación máis elevado, sen cometer iniquidade algunha. Todos sabemos que nas eleccións honradas o porcentaxe de votación é máis alto nas cidades que no campo, e por esta razón Galiza daría sempre un porcentaxe menor que Cataluña; e aínda menor que Castela, que ten a súa poboación concentrada. Esta inxusticia da Lei pagámola nós, porque Galiza é un país eminentemente rural e ten a súa poboación diseminada e con dificultoso acceso aos colexios electorales; pero, ademais, o noso povo está en constante mo-

por
CASTELAO

vimento migratorio, con electores ausentes e cidadáns presentes e non inscriptos no Censo electoral.

A Constitución di que o plebiscito estatutista debe suxerirse ao procedemento que a Lei electoral determina; pero esta vella Lei non regula o caso dos plebiscitos, e as rexións sometidas ao réxime común non teñen autoridade, nin autorización, para celebrar en esa consulta no intre que xuzguen conveniente. O Goberno — sempre tan celoso dos preceptos únicos — negouse a dictar normas xeraes, que le foron pedidas en rogo parlamentario e prefíreu emitir para cada caso particular, e por decreto acomodado ao seu antoxo. Así, a realización dos anxeios rexionaes quedaba ao arbitrio gubernativo. E o Goberno botou sobor de Galiza o peso da súa arbitrariedade.

O Goberno da República autorizara ao Goberno de Cataluña para plebiscitar o seu Estatuto sen impoñer ningunha casta de intervencións. As deputacións vascas lograron un decreto xenerosísimo, que poñía nas súas mans, e moi anticipada-

mente, o instrumento xurídico que necesitaban. Pero Galiza topou con obstáculos invencibles. Primeiro reclamamos do Goberno unhas normas xeraes de procedemento, para a celebración de plebiscitos, e contéstáronnos con evasivas maliciosas ou cicais irónicas, remitíndonos as nosas demandas a letra do art. 12 da Constitución. Só se nos dixo que calquera — eu mesmo — tiña capacidade legal para ordear o cumprimento dos trámites; pero cando o Comité Central Galego — que representaba a maioría dos Concellos — reclamou autorización para celebrar o plebiscito, non fomos atendidos. Aquel Goberno carecía de informes serios a prol do movemento autonomista de Galiza; mais eu digo que si nos consideraban impotentes para vencermos os obstáculos constitucionaes. ¿por qué nos deron un trato de rigor, dispóis d-un derroche de xenerosidade? ¿Qué obxectivo se perseguía como non fose o de evitar o noso triunfo?

Dispuxémonos a demostrar, con feitos indubidables, a vontade do povo galego, e n-un alarde insuperable de democracia confeccionamos o noso Estatuto. Este Estatuto foi proposto aos electores galegos por 256 Axuntamentos de elección popular (somentes fallaron 63),

que representaban un 80 por cento da poboación de Galiza. Comprimos o primeiro requisito constitucional en decembro do 1932, e pedimos inmediatamente ao Goberno a correspondente autorización para someter a plebiscito popular a proposta dos Concellos. Se n-aquel intre tivésemos nas mans un decreto semellante ao que lle fora concedido a Euzcadi e Navarra gañaríamos o plebiscito, e as Cortes constituintes poderían aprobar o Estatuto da nosa autonomía. O Goberno obrigounos a perder aquela ocasión única — única polo afervorado galeguismo que produxo a Asamblea de Compostela — pois ninguén iñora que un plebiscito tan riguroso non se gaña máis que n-un intre excepcional. O Goberno desatendeu as nosas lexítimas demandas, e, cansos de agardar, recibimos un decreto, feito adrede e cheo de flagrante arbitrariedade, o día 27 de maio do 1933, cando non podíamos utilizalo con seguridades de vencer.

Apesares de que aquel decreto foi concedido como instrumento inútil, carecía da xenerosidade dos que se concederan a Cataluña e Euzcadi. Estaba redactado con tal luxo de precaucións que nos sentimos feridos na nosa diñidade, sobor de todo ao vermos que se nos impoñía un intervencionismo excepcional e sen precedentes. Como se os caciques fosen autonomistas!... ¿Quén diría que, andando o tempo, aquel decreto serviríanos para demostrar a vontade autonomista do povo galego? Porque será ben dicir que gracias a esa autorización esquecida, celebramos e gañamos o plebiscito en xunio de 1936, desoindo agarimosas advertencias do Goberno, que nos aconsellaba un aplazamento...

Ao Goberno se debe que Galiza non fora autónoma en 1933. E eu pergunto: ¿Estaría Galiza sometida ao xugo feixista se dispuxéramos d-un Goberno propio? Eu creo que non. ¿Debemos esquecer os erros e inxusticias que os gobernantes da República cometeron con Galiza? Eu creo que sí, pero a condición de que se arrepiñan...

(De Sempre en Galiza)

Con Fidalguía Hespañola

O periódico de falanxe "El Nuevo Correo" finda de revolver coa súa língoa a maseira onde apodrece a abondosa colleita de alcumes, aldraxes e insultos, con que, a "rancia fidalguía hespañola", ten doito agarimar aos povos amantes das súas liberdades nacionais.

E. un vello léxico — cicais o máis rico e máis "fidalgo" da língoa da Meseta — que tivo vizooso desenrolo cando as colañas do Novo Mundo amostraron arelas de xurdir a vida libre e independente. ¿Qué non dixo da Arxentina e de San Martín isa xerga "maternal e fidalga"? E non falemos de Cuba e das Filipinas. Cada epitafio dose, pa-

triotas cubanos, é unha executoria disa "fidalguía hespañola". Maceo, Máximo Gómez e Martí dormen o sono da eternidade nun colchón de adxetivos "gariñosos e fidalgos" que lle adicou isa Hespaña unitaria, cúa comprensión define Menéndez Pelayo diste xeito (que reproducimos en castelán pra non lixar a fala galega): La tolerancia es una especie de eunuquismo moral".

Nada ten de estrano, pois, que "El Nuevo Correo" nos insulte aos galegos e nos tire couces, pois, ¿qué outra cousa podería facer a... fidalguía hespañola?

Mais non para eiquí o desfado irresponsabel e "fidalgo" de "El Nuevo Correo". Vai aínda ben máis lonxe; pois permítese falar con "fidalguía hespañola" da bandeira galega e do himno galego. Da bandeira galega, que non é unha bandeira lixada pol-a traición e pol-o crime. Do himno galego, que non é un himno de escravos e totalitarios.

Certamente, produce noxo a verse envoltos en tanta "fidalguía". Os galegos temos de ir matinando, co noso trasacordo, se os couces das bestas "fidalgas", merecen a resposta dun estadullo, pra que se manteñan acougadas na corte.

O 29 DE AGOSTO ás 21 horas
Celebrarásese no Centro Ourensán o Homaxe aos Mártires Galegos